¿A que altura está o ceo? de Jorge Mira

Alvarellos Editora 2016

Velaquí unha das preguntas que se leva formulando o ser humano desde os albores da súa existencia: Este libro vainos dar a resposta. A esta cuestión... e a moitas outras.
O físico e comunicador científico Jorge Mira realiza unha apaixonante viaxe no tempo. Comeza na época da Grecia clásica e chega ata os descubrimentos máis recentes sobre o universo.

Biodiversidade. Cara a unha sexta extinción masiva de VV.AA.

Catro Ventos Editora 2017

O coordinador da obra reúne a catro científicos de distintas especialidades. Todos eles ofrecen e contrastan as súas distintas perspectivas dun mesmo tema: a biodiversidade e a deriva cara a unha sexta extinción en masa. Un ecólogo, un biólogo mariño, un especialista en xestión e economía do medio e unha filósofa do medio convídannos á súa mesa. A partir dos seus coñecementos, dos seus temores mais tamén das súas esperanzas, achégannos unha visión científica e cidadá sobre a sexta extinción masiva, a primeira do Antropoceno.
O libro divídese claramente en dúas partes: o debate científico e o debate social. Isto fai que resulte máis interesante e que precisamente vaia máis aló da ecoloxía puramente. Tamén reflexiona sobre as consecuencias económicas e sociais.
Nunha indiferenza case xeral, o noso planeta entra nunha fase de extinción masiva provocada polo ser humano. A sexta desde que a vida se diversificou na Terra hai 500 millóns de anos. A sobreexplotación dos recursos, o consumo excesivo, a oferta excesiva, as sobrecapacidades tecnolóxicas, o cambio climático, a deforestación, etc., os seres humanos entréganse a unha destrución masiva dos ecosistemas a escala planetaria. E o noso modo de desenvolvemento condena probablemente unha especie cada vinte minutos.
Cales son os mecanismos e as causas principais da extinción das especies? Que podemos esperar das axendas políticas? Cómpre promover unha ecoloxía de combate ou unha ecoloxía da reconciliación que volva colocar o ser humano na natureza? Como evitar ou limitar esta sexta extinción?

BIBLIOTECA ESCOLAR

Novedades 15

Biblioquendas.blogspot.com
Curso
2018-2019

IES Lama das Quendas

R.\ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982870223 – Fax: 982870233
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas

Xuízo aos humanos. Os animais toman a palabra de José Antonio Jáuregui

Catro Ventos Editora 2017



Os animais do planeta Terra reúnense na selva para celebrar un xuízo extraordinario. Acusan o ser humano de crimes atroces: calumnias, malos tratos e xenocidio.
É realmente o Homo sapiens unha ameaza para a vida terrestre, unha especie arrogante, cruel e asasina? Ou pode aínda redimirse perante o resto dos animais? Chegou a hora de se enfrontar á Lei da xungla.



Kallaikos. Unha viaxe á Galicia céltica de Paco Boluda

Autor Editor 2019

O autor do libro , que tamén é o editor, pretende achegarnos ao que era a Galicia céltica cambiando esa imaxe de " xente vestida con pelexos". Quere dar a coñecer o mundo que había aquí, neste recuncho noroeste antes da chegada dos romanos.

Todo isto antes era noite de Lucía Aldao

Editorial Apiario 2018

Primeiro poemario de Lucía Aldao que fala así do seu libro: "*Todo isto antes era noite* é un libro que abre tantas cousas como pecha, que ilumina ensombrece a partes iguais. Nel trázase o mapa da aprendizaxe sentimental, e hai unha ruta nocturna que atravesa o mellor e o peor das relación coas demais e comigo mesma. Todo isto antes era noite é un paseo pola intimidade, é entrar e saír. Vas ter que ir de cañas coa autora deste libro."

Nos muros do mundo de Amauta Castro

Edizer 2012

Amauta Castro publicou este poemario no 2012 co subtítulo ***Escolma incompleta*** e dividido en 6 partes tituladas: Cántiga de Eurídice, Acto poético I:Lume, Palabras de Amauta, Acto poético III: Espellos, As outras e Epílogo.
Poemas que como di o autor «*non son de ninguén* ». Afirma que a súa victoria sería unha «intertextualidade merecida ».
Axudémolo a vencer.



Poesia a les Caves Ajuntament de Sant Sadurní

D´Anoia 2018

Un feixe de poemas dos distintos autores que se teñen presentado a o longo dos anos ao certame de Poesia a les Caves convocado polo Concello de Sant Sadurní D´Anoia.
Entre eles está o poema inédito de Amauta Castro titulado «*Neste soto onde o frío*»

W de Isaac Rosa

Editorial Edebé 2019



Ahí estaba Valeria, en la parada del autobús, un lunes de septiembre, pensando en sus cosas. Pendiente también de su teléfono, esperando que Laura le contestara su último mensaje, sospechando que sus excompañeras habrían montado otro grupo de chat sin ella. Entonces levantó los ojos. Y la encontró. En la parada de enfrente. La otra. Su doble, idéntica a ella.
¿Qué harías tú si te tropezaras con alguien igual que tú? ¿Que no hay nadie como tú? Claro que sí. No te pienses que eres tan especial. No eres irrepetible, ni un ejemplar único. Si no has encontrado nunca a nadie igual, sigue buscando. A Valeria le cambió la vida.